

## Sesión música infantil semana do 23 ao 27

Todas as actividades propostas son sinxelas e moitas delas xa se traballaron na aula. A sesión está deseñada para que unha persoa adulta acompañe e guíe ao neno ou á nena na mesma, mesmo participando nela.

### 1º Audición da Primavera de Vivaldi <https://www.youtube.com/watch?v=l4Ad6pZ8vEQ>

-Coñecías esta canción? gustouche? por que si/non?

-Cal é o instrumento principal nesta obra? **Violín**. O Violín é un instrumento de corda xa que son as cordas as que producen o son. Agora que sabes isto...Coñeces máis instrumentos de corda? **Guitarra, Contrabaixo, Baixo eléctrico, Arpa**...Imita como se tocan os instrumentos que dixeches.

### 2º Bailamos coa Primavera de Vivaldi e xogamos ás estatuas musicais.

-Colocamonos diante dun espello e bailamos coa canción anterior mirándonos ao espello.

-Agora nun espazo o mais amplo posible, reproducimos a canción e bailamos con ela, cando a música para quedamos quietos como estatuas. Se o adulto fai este xogo coa nena ou co neno poderíamos imitar as posturas que eles adoptan cando fan de estatuas, e viceversa.

### 3º Xogamos coa intensidade.

-Imos xogar ás xigantes e aos ananiños (coñecen este xogo perfectamente e na aula encántalles). [https://drive.google.com/open?id=1A0nbxx040iJT1f2\\_oYZKJmcDKvZzURTP](https://drive.google.com/open?id=1A0nbxx040iJT1f2_oYZKJmcDKvZzURTP)

### 4º Tocamos instrumentos da casa.

-Buscamos pola casa obxectos que poidamos usar como instrumentos de percusión (botellas de auga, cucharas, caixas, potas, etc). Experimentamos como soa cada un deles e explicámoslle a quen nos acompañe cal soa máis forte e cal máis suave. Montamos unha "batería" cos todos os obxectos que se empregaron e acompañamos e acompañamos unha canción escollida pola nena ou neno coa nosa batería.

### 5º Eu teño alguén no meu corazón.

-Cantamos a canción e facemos os xestos.

<https://www.youtube.com/watch?v=HiHDRCyV5Es>

### 6º Pintamos a primavera.

-Pintamos nun folio a primavera mentres escoitamos a canción da primavera de Vivaldi [https://www.youtube.com/watch?v=j6EJBV-V\\_fw](https://www.youtube.com/watch?v=j6EJBV-V_fw) (para esta actividade empregade mellor este enlace).

### **7º RETO DESTA SEMANA!!**

-Temos que aprender esta canción ao longo desta semana, veña que é moi fácil!!

<https://www.youtube.com/watch?v=gx6fDDNee6Q>